

MEMORIA DE DIFUSION

Piale 2023



NICOLÁS CADARSO ARROJO

1.- OBXECTIVOS E CONTIDOS DA DIFUSIÓN

1.1. ASPECTOS DESTACABLES DO SISTEMA EDUCATIVO CANADENSE EN MÚSICA

1.1.1. Resumo histórico

Durante o Século XIX xa se poden distinguir dous grupos de Músicos profesionais activos no país: Un no “Lower Canada” ou Baixo Canadá (no Quebec), e o outro no “Upper Canadá,” ou Alto Canadá (na actual provincia de Ontario), os cales derivan dos asentamentos coloniais franceses, que se remontan ó século XVII, no primeiro caso, e británicos, dende mediados do século XVIII, no segundo. Hai que ter en conta, asemade, que Canadá é unha nación moi nova que non culminará a estrutura física que actualmente ten ata finais do século XIX, coa incorporación dos vastos territorios que abranguen da Terranova, no Atlántico, á Costa do Océano Pacífico (British Columbia), grazas a expansión do ferrocarril.

As diversas comunidades coloniais acostumaban a ter músicos residentes que daban vida ás diversas “Performing Societies.” Edificáronse salas de concertos, Teatros, e Conservatorios de Música. Según os asentamentos de poboación se desenvolveron dende os “Great Lakes” (a área de Toronto) cara ó Océano Pacífico, tamén se foron replicando os mesmos modelos nas provincias do Oeste.

Na segunda metade do século dezanove, a maior parte das cidades canadenses contaban con notables “Choral Societies,” as cales eran as máis importantes institucións musicáis desa época. Entre as devanditas asociacións corais, cómpre destacar a “Sacred Harmonic Choir” (Toronto), que realizou a primeira audición integral do Mesías de Händel, en 1857; a Sociedade Filarmónica de Montreal, fundada en 1877, por Guillaume Couture; A “New Westminster Choral Union en Vancouver, que presentou tanto o Mesías, como o Elías de Mendelssohn (1894), e tamén o Bach-Elgar Choir de Hamilton (1904). Se ben existían conxuntos instrumentais, e mesmo orquestras, asociadas ás devanditas asociacións, cabe suñar o xurdimento de orquestras independentes, coma a Societé Symphonique de Québec (1903) e a Toronto Symphony Orchestra (1906).

Segundo a poboación foi medrando nos anos 1930, e en especial dende 1945, todas as cidades importantes contarían cunha orquestra permanente, así como con numerosas orquestras semi-profesionais, e mesmo de aficionados, espalladas por todo Canadá. No ano 1969, Mario Bernardi funda unha orquestra con 50 atrás, no “National Arts Centre” (Ottawa), e xa en 1960 nace a Orquestra Xoven Nacional de Canadá (National Youth Orchestra of Canada), dirixida por Walter Susskind, a cal convoca tódolos veráns a máis de 100 alumnos de Conservatorio de Canadá, de entre 14 e 24 anos de idade, onde

reciben un ensino especializado, así como oportunidades de se presentar públicamente, tanto en recitais de Música de Cámara, coma en actuacións de Orquestra Sinfónica.

1.1.2. A educación musical no Canadá

Durante a maior parte do século XIX o groso do ensino musical corría a cargo de profesores que desenvolvían o seu facer de maneira privada, ata que se fundan institucións especializadas cara ó fin de século:

- A “Académie de Musique,” (Quebec, 1868)
- O “Royal Conservatory of Music” (Toronto, 1886)
- The Maritime Conservatory (Halifax, 1887)
- The McGill Conservatorium, hoxe McGill University (Montreal, 1904)

Asemade, e no ano 1942, a Provincia de Québec inaugurou o “Conservatoire de Musique et de l’Art Dramatique. Por outra banda, a Universidade de Toronto xa outorgara o primeiro Bachelor of Music Degree (Grao de licenciado en Música) tan cedo como no 1846, se ben houbo que agardar aínda ata a creación en 1918 dun Departamento de Música especializado, e ademáis propiamente estableceuse a Faculty of Music of Toronto University, que ven ofrecendo programas académicos e que concede as diversas titulacións vixentes, de grao e de posgrado, dende 1945.

No ano 1964 nace a “Canadian Association of University Schools of Music,” a cal para principios dos anos 70 xa tiña membros en 28 universidades distintas. Casi a totalidade dos concellos contan con ensino musical administrado a nivel local, tanto en escolas de Ensino Primario, como Secundario, e se crea a “Canadian Music Educators’ Association,” en 1959.

O ensino privado continúa a xogar un rol importante, en especial ó longo das etapas iniciais da aprendizaxe do instrumento, equivalente ó noso Grao Elemental, e mesmo prescolar (caso do Piano, Violin, e demais especialidades). Existen asociacións de profesores privados a nivel da provincia de Ontario, pero tamén a nivel nacional está a “Canadian Federation of Music Teachers’ Associations.”

Cómpre engadir, que tanto o “Royal Conservatory of Music of Toronto,” coma a “Western Board of Music” (que opera en asociación coas Universidades Provinciais de Manitoba, Saskatchewan e Alberta) levan a cabo probas de certificación musical, dúas veces ó ano a través do país.

MEMORIA E DIFUSIÓN DO PIALE TORONTO 2023

1.1.3. Aspectos destacables dos centros canadenses:

A) O ensino vocacional de Música:**ROYAL CONSERVATORY OF TORONTO**

Esta é considerada una “escola de excelencia, de renome internacional.”



Royal Conservatory of Music, Toronto

Posúe tres “Divisions,” a saber:

1.- A “Oscar Peterson School of Music,” Grades 1 a 12, e que ven coincidindo a grandes rasgos co Ensino que impartimos nun CMUS Profesional galego. Esta escola, serve principalmente ós rapaces da comunidade do Greater Toronto, pero tamén está dirixida a aprender alumnos amateur de idade adulta.



Co profesor Cheng_Feng Lin

2.- A “Glenn Gould School of Music,” que outorga titulación equivalente á Universitaria, con énfasis nos itinerarios formativos enfocados á interpretación musical (formación de futuros concertistas, músicos de orquestras sinfónicas, Opera e dirección orquestral).



Masterclass de Jeremy Denk, Piano at the Glenn Gould School

3.- Unha terceira vía, adicada a rapaces e rapazas con cualidades extraordinarias, que veñen de todo Canadá, e mesmo doutras nacionalidades, moitos de países asiáticos (Corea do Sul, China, Xapón), e que contan con Full Tuition, Room and Board (bolseiros).



Lección de Violín a un rapaz de 9 anos, a cargo do profesor Stelth Ng

Fundado no ano 1886, o Royal Conservatory é unha das máis grandes e respectadas institucións de ensino musical a nivel mundial. “Ten como misión desenvolver o potencial das persoas, baseándose na convicción de que as Artes constitúen o medio máis importante co que conta a humanidade na busca, tanto do crecemento persoal, como medio para acadar cohesión social.” Entre os seus alumnos ilustres, conta con nomes como Teresa Stratas (cantante de ópera), Jon Vickers (tenor), Sir Roger Norrington (director de

MEMORIA E DIFUSIÓN DO PIALE TORONTO 2023

orquestra), Diana Krall (pianista de jazz), Jan Lisiecki (Pianista), Oscar Peterson (gañador de premios Grammy e pianista), e Glenn Gould (mítico pianista, e referencia da historia da música do século XX). Estes dous últimos dan nome ás divisións preuniversitaria, e universitaria da escola, respectivamente.

O Royal Conservatory, ten anexado ó seu edificio histórico, sito na Bloor Street,




The Glenn Gould Studio

o Koerner Hall, un impresionante auditorio con privilexiada acústica, e que acolle artistas de renome mundial. En Novembro de 2023, por exemplo, á Staatskapelle Berlin, dirixida polo Mestre Daniel Barenboim, fixo a integral das sinfonías de Brahms no Koerner Hall.

FACULTY OF MUSIC AT THE UNIVERSITY OF TORONTO

Fundada, como explicara no punto 1.1.2., no ano 1846.

Dende 1945, conta cunha ampla oferta de titulacións académicas no ámbito musical, tanto no eido escolástico (Composición, etnomusicoloxía, Educación musical, Teoría da Música, Musicoloxía), coma das artes escénicas (Dirección orquestral, Musica Antiga, Jazz, Tecla, Opera).



Conferencia de David Breitman, Faculty of Music, Toronto University



A Facultade de Música se atopa no Campus Universitario, en 80 Queens Park. Como curiosidade, dicir que se sitúa a carón da Law School, e que o Royal Conservatory queda á carreiriña dun can da mesma.

B) Ensino musical na Secundaria

NEWTONBROOK SECONDARY SCHOOL

“Quisque Pro Ingenio”



Coa Profesora Laura Polidoro, e a profesora de danza, Newtonbrook Secondary School



Se ubica ó Norte de Toronto, e dentro do distrito de North York, no número 155 de Hilda Avenue.

O lema en latín da escola, pódese traducir coa frase “a cada quen, segundo os seus talentos.”

Newtonbrook é unha escola de titularidade pública, dependente do North York Board of Education.

MEMORIA E DIFUSIÓN DO PIALE TORONTO 2023

Imparte ensino a alumnos de secundaria, graos 9 a 12 (equivalente de 3ª da E.S.O., ata 2º de Bacharelato).

Acolle principalmente alumnado dos suburbios situados ó noreste da cidade de Toronto, ó redor de 900 alumnos, sendo nativos de Canadá unha porcentaxe reducida.

Se caracteriza por contar cun alumnado multiétnico, de orixe principalmente asiático (Filipino, Indio, Iraniano), pero tamén Hispano, e un crecente número de rapaces e rapazas ucranianos.

A música en Newtonbrook, é unha asignatura eminentemente práctica. Considérase unha “hands-on subject.” É impartida de maneira transversal nos catro cursos da secundaria.

No primeiro semestre do curso 2023/24 se imparte, Band, Guitar Ensemble e Keyboard lab. Para o segundo semestre, está previsto impartir Choir (Coro).

O enfoque consiste en coñecer aspectos, culturais, históricos e filosóficos, mediante a práctica instrumental, como parte central do ensino.

Os tempos de clase, para cada grupo é de 90 minutos diarios, de luns a venres. A aprendizaxe, de conceptos básicos da teoría musical, técnica de ensaio e a interpretación son abordados de forma sistemática pola profesora.

Os instrumentos pertencen ó North York Board of Education, e lle son facilitados en préstamo o alumnado para que poidan practicar na casa ó longo do semestre. Hai un obxectivo terminal do ensino, culminante nunha actividade de interpretación pública, co gallo do nadal, o acto de graduación de fin de curso, etcétera.



Clase de Música de Secundaria, Band at Newtonbrook Secondary School


Antes que por curso académico, o alumnado é distribuído en grupos según o nivel competencial/instrumental de cada alumno e alumna. Así por exemplo,

dentro da banda o percusionista pode estar a cursar grade 9, mentres que un clarinete está en grade 10, ou un trompetista en grade 12.

1.1.4. Aspectos metodolóxicos transferibles destacables

- O ensino do Piano ao nivel non universitario está menos cargado de asignaturas e contidos teóricos, que en España. Isto se debe a que nesta etapa formativa a pedagogía canadense outorga unha gran prioridade á adquisición de destrezas técnicas sólidas, quedando outras capacidades, analíticas e teóricas, aprazadas para cando o alumno ten desenvolvido tanto un dominio do instrumento óptimo, como que, ademáis, en concordancia co seu desenvolvemento cognitivo, estea preparado intelectualmente, e sexa quen, de aprender e asimilar conceptos abstractos, propios da arte musical. En relación con isto, podería considerarse, dentro do noso sistema, non a supresión de contidos teóricos, por excesivos, pero unha redefinición do currículo que faga máis polo desenvolvemento de destrezas ao inicio, e aborde contidos doutra índole para cando se chegue á madurez intelectual adecuada.

- Royal Conservatory of Toronto ten un Piano Syllabus (Programación Didáctica), para cada un dos 12 Cursos da etapa. Contén repertorio moi variado adaptado a cada nivel, pero tamén destrezas en improvisación, adestramento auditivo, ferramentas de análise, harmonía e historia, adaptados ás idades a que van dirixidos, e diseñados para alumnado de Piano.



MEMORIA E DIFUSIÓN DO PIALE TORONTO 2023

- No noso sistema, si ben atendemos alumnado con NEE (necesidades especiais), non está contemplado o ensino de música a persoas adultas, e estimo que sería positiva a inclusión deste tipo de alumnado no noso sistema.
- O sistema canadense conta cunha sólida estrutura (scaffolding) que dota de oportunidades de aprendizaxe e experiencia interpretativa envexables ao alumnado con capacidade musical extraordinaria. Como un entorno que incentiva a interpretación de concertos, mesmo con orquestra, masterclasses con artistas de prestixio mundial, competicións instrumentales, e outras experiencias, que resulta admirable comprobar, pero de difícil traslación ao noso contexto, xa que non temos unha cultura do mecenazgo equiparable neste lado do Atlántico.